

Que facer para recuperar a forma galega dun nome e/ou apelido ou para proceder á súa galeguización?

- 1º Solicitar un certificado de nacemento. Isto faise no Rexistro Civil onde estea rexistrado o devandito nacemento. (De ser o caso, tamén se pode facer desde o Rexistro Civil do domicilio da persoa interesada, que o remitirá ao do lugar de nacemento). Valéndose do certificado de nacemento e achegando tamén copia do documento de identidade, solicítase no Rexistro, mediante unha instancia, que se proceda á galeguización do nome, ao abeiro da Lei 40/1999, e/ou do(s) apelido(s), ao abeiro da Lei de Rexistro Civil de 20/2011, do 21 de xullo.
- 2º Obtida a certificación do Rexistro Civil, na que xa aparece o nome e/ou os apelidos na súa forma galega, cómpre que a devandita mudanza se consigne no carné de identidade. Para iso, hai que presentar unha instancia na comisaría en que estea expedido o devandito carné de identidade para que se proceda á corrección pertinente. Esta instancia débese acompañar da certificación do Rexistro Civil, que é a proba documental de que a mudanza do nome e/ou apelidos foi realizada. (Este trámite de renovación do DNI non ten custo económico, tal como se establece na Orden do 18 de abril de 1985, sobre renovación do documento nacional de identidade, para a substitución do nome propio do seu titular).
- 3º A partir da obtención do novo carné, no que xa figura o nome e/ou apelidos coa súa forma galega, cómpre ir solicitando ante as diferentes administracións, institucións, etc. (Axencia Tributaria, SERGAS, Seguridade Social, Dirección Xeral de Tráfico, concello, sindicato, etc.) a mudanza de nome e/ou apelidos, co fin de que toda a nova documentación que se xere (recibos varios, carné de conducir, contas bancarias, etc.) xa contemple a devandita mudanza. Para efectivizar isto, normalmente abonda con solicitalo verbalmente (ou por escrito), mostrando o novo carné de identidade (ou achegando fotocopia deste).

Dercargar dende www.cig.gal/lingua os modelos de instancia para:

1. A galeguización do nome
2. Solicitar a regularización ortográfica do(s) apelido(s)
3. Renovar o carné de identidade, tras a galeguización no rexistro civil.



Segundo, Paulino, Nicias, Pascual, Faramiñán, Xusto, Mazas, Nabor, Camiña, Verdes, Cósima, Evaristo, Alban, Alba, Quintillán, Afreixo, Melchor, Severino, Touza, Cubeiro, Ramallo, Taxes, Iixenia, Pins, Barbeitos, Rita, Guilomar, Gato, Branca, Cristovo, Rubián, Xuvenal, Rafael, Pardavila, Eufemia, Abuin, Benedita, Axeitos, Luxilde, Comba, Abanqueiro, Candal, Máximo, Urbán, Lorena, Secundino, ...
Rafaela, Abruñeiras, Boán, Aranza, Landeira, Seixa, César, Saleta, Xeslao, Viñas, ...
Alvaro, Xeorxina, Luis, Eulalia, Pura, Ferraz, Vidal, Benta, ...
Marcelo, Valerio, ...
Naves, Abelardo, ...
Quirón, ...
Leticia, Camafreite, ...
Dorinda, Irés, ...
Paio, Xiana, Diana, Lucinda, Avendaño, Silvio, Gabriela, Lucia, Peregrina, Tomas, Vilachá, Troitiño, Sequeiros, Olalla, Imaro, Amaro, Waldo, Xil, Xinzó, ...
Telmo, Fabián, Teresa, Abelenda, ...
Filipa, Deragoire, Gonzalo, ...
Palmira, Vieites, Xeraldo, ...
Cobián, Esperanza, Penoucos, ...
Brais, Seixal, Enriquez, Ester, ...
Rifón, Amoeiro, Ofelia, Gandón, ...
Odilia, Fontás, Dosantos, Desideria, Alberto, Berengüia, Teófila, Mateo, Abalo, Leiceaga, Romeu, Modesto, Abelar, Ovidia, Heriberto, Ilduara, Roi, ...
Kurxo, Kulia, Sartier, Bourzas, Tamara, Xelo, Firmin, Vilar, Eloisa, Modesta, Ramón, Rute, Iago, Aldara, Mar, Argentina, Campio, Estrela, Ferradás, Hervella, Lidia, Padin, Nazaré, Xuventina, Olinda, Román, Natividade, Raimunde, Maquieira, Estremeiro, Dalia, Marta, Etelvina, Uxia, Ventura, Saria, Regodebeses, Quiveo, Viaño, Serxio, Firme, Franquesa, Lousada, Caamaño, Teófilo, Lucila, Sarraipo, Ríos, Catarina, Bruño, Bieito, Cáncido, ...
Moreira, Mariano, Aboal, Rega, Romeiro, Melquiades, ...
Casilda, Xoel, Preciosa, Tellado, Fiona, Ledo, ...
Breixo, Lupa, Kertrude, Mariel, Bernalda, ...
Fidelina, Beatriz, Rufino, Oriol, Severiano, ...
Sarin, Vicenta, Aira, Cibiao, Sanduega, ...
Tareixa, Sousa, Quirós, Uzal, Picón, ...
Fuco, Eudocio, Claudina, Ulpiano, ...
Africa, Quiñones, Belén, Beceiro, ...
Micaela, Catuxa, Prudencio, Aleix, ...
Sebastián, Rainerio, Gael, Suevia, ...
Alda, Petra, Celsa, Xesús, Morra, ...
Ferraces, Presedo, Millán, Trecu, ...
Aldao, Telle, Mauro, Ceferino, ...
Albino, Sabino, Tobías, Manoel, ...
Matilde, Mara, Sanxuás, Felicia, ...
Casiana, Aldegunde, Mascato, ...
Segunda, Basilisa, Xil, Aboal, ...
Xácome, Obelleiro, Anslar, ...
Mariñas, Maceiras, Santiago, ...
Floreal, Axilda, Xosefa, ...
Amoeodo, Xacobo, Estela, Xabier, ...
Nina, Villaverde, Valeria, Aurea, ...
Eiré, Quireza, Aldán, Xonxa, Herminda, ...
Venancio, Silvino, Acebo, Aloia, Irea, Constanza, ...
Morgana, Xacobe, Isaura, Dias, Ovidio, Fabio, Paz, Xosé, ...
Hixinio, Natalia, Uxio, ...
Ubaldo, Abelleira, Soledad, ...
Baloiras, Saiáns, Frederico, ...
Noela, Navia, Landelina, Xairo, ...
Cibrán, Ida, Pastor, Troitiña, ...
Salustiana, Serafina, Rábade, ...
Viqueira, Marcelina, Neira, Santiz, Hortensia, ...
Abelardo, Ermidas, Galiza, Abeleira, Valcárcel, Exemita, Lado, Celso, ...
Concepción, Clemente, Miguel, Xacia, Porno, Sebastião, ...
Leocencia, Adrián, Abilio, Sarmiento, Xohana, Pita, ...
Heitor, Balbina, Dunia, Xaime, Sendón, Felicitas, Landelino, ...
Reza, Cadahia, Cela, Anxos, Delia, Reinaldo, ...
Helena, Iván, Filomena, Acostiño, Coza, Carro, ...
... polo uso de nomes e apelidos en lingua galega



EN NOME PROPIO

(polo uso de nomes e apelidos en lingua galega)

POR mor dos intentos de asimilación lingüística e cultural de Galiza, e mesmo da procura do noso sometemento como nación, moitos dos nomes galegos –tanto de poboacións como de persoas– viviron un proceso de deturpación e asimilación ao español. Así, lugares como Melide, Sanxenxo, O Valadouro ou Xinzo de Limia acabáronse convertendo en Mellid, Sangenjo, Valle del Oro ou Ginzo de Limia.

Polo que fai aos nomes e apelidos, os primeiros foron substituíndose aos poucos por outros en español e os segundos, sobre todo aqueles que maior marca de galeguidade posuían, foron tamén deturpándose mesmo até acabaren nun auténtico castrapo: **Branco** transformado en *Blanco, **Buxán** en *Buján, **Camión** en *Camino, **Caxiao** en *Cajiao, **Igrexas** en *Iglesias, **Lourenzo** en *Lorenzo, **Miñóns** en *Miñones, **Outeiro** en *Otero, **Seixas** en *Seijas, **Vilaverde** en *Villaverde...

Faise necesaria e urxente, polo tanto, a súa recuperación na forma orixinaria galega.

Desde a aprobación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a única forma posíbel dos nomes dos nosos lugares é a propia, en galego. Malia todo, seguimos asistindo nalgunhas instancias (certas institucións, medios de comunicación...) á súa deturpación, ás veces incluso desde os que precisamente deberían velar polo cumprimento da devandita lei.

Aínda así, nos últimos anos produciuse un importante avance e hoxe a toponimia de Galiza é amplamente respectada, sobre todo nos sinais públicos, aínda que non tanto como sería o lóxico nunha sociedade que tivese a súa lingua plenamente normalizada.

Cómpre, pois, seguirmos a reclamar que os nosos nomes de lugar se escriban sempre en galego e denunciarmos onde isto non aconteza.

O derogado artigo 54 da Lei do Rexistro Civil, do ano 1957, obrigaba a que os nomes se rexistrasen en español. Unha lei do ano 1977 modificou este artigo e posibilitou a inscrición no rexistro civil de nomes propios en galego, o que fixo que moitos procedesen a inscribir as súas crianzas con nomes na nosa lingua e outros galeguizasen os seus nomes propios.

Mais a lei imposibilitaba o cambio de nome para o galego das persoas nadas despois do dito ano de 1997 e tampouco se facilitaba a galeguización dos apelidos, galeguización que só era posíbel tras un longo proceso burocrático que non animaba a ningún a facelo.

Desde hai máis de dúas décadas está en vigor a Lei 40/1999, que permite a galeguización de nomes e apelidos, así como o cambio da orde destes. Esta lei posibilita, pois, que as persoas poidan galeguizar o seu nome, á vez que axiliza os trámites para a galeguización dos apelidos.

Así mesmo, a Lei de Rexistro Civil de 20/2011, do 21 de xullo, permite a regularización lingüística dos apelidos galegos deturpados e, polo tanto, a súa restauración á forma galega correspondente.

Coa campaña **EN NOME PROPIO (polo uso de nomes e apelidos en lingua galega)**, desde a CIG queremos facer palpábel, unha vez máis, o compromiso que como central sindical temos idioma de Galiza, no convencemento de que iso significa avanzarmos na nosa dignidade colectiva e no camiño da soberanía para a nosa nación.

Nesa andaina, animamos a todos os delegados e delegadas da central sindical, así como ao conxunto da afiliación, se non o fixeron xa, para que procedan á restauración dos seus nomes e/ou apelidos á forma propia en galego.

Pola recuperación plena dos nosos nomes